

BENVIDA AO MAGOSTO 2006 EN CAMPOLONGO

Dende a escola de Campolongo, nesta leda mañá de Novembro, dámoslle a benvida, outro ano máis, o noso magosto.

É a festa dos nenos e nenas que xa brincan de contentos, mentres arde a leña e asan na grell as probes castañas.

Son as chamas de maxia e misterio da fogueira, o lume que quenta, as ascuas, os rescaldos, a borralla e as castañas asadas.

Son tamén, os rapaces e rapazas que rin, xogan e fan bromas en abundancia, coas consabidas tismadas, mentres os doces sons dos gaiteiros nos anuncian unha máxica mañá, tallada en lumes fronte a cincenta paisaxe.

É, coma tódolos anos, o magosto da escola, tantas veces celebrado, tantas veces soñado, coa inocencia dos cativos fervendo de alegría, coas carreiriñas, berros, troulas, lerias, charlas, grolos de laranxada, enredos e gargalladas.

Quede pois, na nosa memoria, o acontecer desta festiña.

Queridos amigos e amigas, dende esta divertida mañá de lume e cinza ,¡Benvidos a festa do noso Magosto!¡Adiante festeiros!
¡Pasémolo ben!, comamos castañas, castañas quentiñas, castañas asadas co lume de Outono.

¡Adiante festeiros!.¡Benvidos a todos!

Campolongo novembro 2006 ENL

HAI MAGOSTO EN CAMPOLONGO

Hai magosto en Campolongo, choutan os rapaces ledos, xa se escoitan asubíos, repenican os gaiteros.

Xa se escoitan os doces sons dos gaiteros nesta fermosa e alegre xeografía pontevedresa, anunciando unha máxica mañá, tallada en lumes e cobalto de azuis, onde se debuxa o misterioso resplandor de flamas e cinsa do noso Magosto.

Nacen outro ano mais as chamadas da fogueira, agromando na memoria dos nenos os enredos lembrados, namentres estalan no lume as probes castañas que caeran dende a boca pasmona dos ourizos. ¡Éche o magosto da escola de Campolongo!

Ollade magosteiros esa maxia prolongada de lume e ascuas ardendo na prodixiosa fogueira, inmensa nos ollos dos rapaces coma un mar de resplandores. É unha plenitude de misterio e fascínio fronte a paisaxe.

Xa comezou este ritual de troula e ilusión, coa inocencia docísima dos cativos en acendidos arroutíos, fervendo de ledicia na espesura dos sonhos e das pequenas rebeldías, coas bromas en abundancia, coas copras guindadas ó ar, coas tisnaduras, cos brincos e carreiriñas para frega-las caras das rapazas e rapaces, cos contos, algaradas e risas ás gargalladas.

Xa comezou o noso magosto, coas castañas morrendo entre lerias e cantigas, e cos doces sons dos gaiteros agarimando este lúdico espazo de aventura e ardentía.

Campolongo 2007 ENL

CHEGA O MAGOSTO

Chega o Magosto á escola de Campolongo, nunha lúdica celebración chea de maxia e ilusión.

Chega nesta mañá de encantamento e ardentía, onde se xuntan o engado e a paixón, coa rapazada bulindo ao compás do lume do Magosto, e coas chamas xurdindo acesas no cincento ceo pontevedrés, erguéndose da fogueira para un ritual de fantasía e de misterio.

Dámoslle pois a benvida outro ano mais a esta festa outonal, acompañados das agarimosas melodías dos gaiteiros, das cantigas entoadas, das lérias, das bromas en abundancia, e as consabidas tismadas.

Xa rebentan as castañas na parrilla, estoupando no ar fronte da paisaxe, coas voces da rapazada fervendo de ledicia no espazo creado de aventura, mentres afunden os dedos nos pousos escuros das brasas.

Todo é compracencia e ledicia na cerimonia do entretemento, cos cativos convocados arredor da fogueira, neste alegre tempo toldado de encontros, onde medran os soños luminosos que trenzan a mañá de inocencia.

É coma sempre, o Magosto de Campolongo, tan dentro da nosa memoria, tan cómplice de lembranzas como unha longa inundación do calendario.

É a volta doutro Magosto por Novembro, que todos celebramos como un denso sinal para o divertimento.

Campolongo Novembro do 2.008

E.N.L.

ESTAMOS DE MAGOSTO EN CAMPOLONGO

Estamos de Magosto en Campolongo , coa rapazada fervendo de ledicia ao compás do bulicio , e co sabor do outono máis fermoso nos nosos beizos atesourados de recendo a castañas.

Recibimos ao Magosto debuxando unha melodía chea de misterio e aventura, en aledados encontros e tenrura , nese estalo de emocións a carón da lumieira, que nos sinalan o ritmo acolledor desta festa fabulada.

Arde a leña na fogueira, nacendo de novo o lume sobre a esquina dun sorriso, para conxugarse en alegría entre os cativos, polos espazos do patio, neste ritual de chamas e cinza .

Xa se escoita o doce entoar das cantigas, mentres estaban no lume as probes castañas que caerán das pasmonas bocas dos ourizos , desprendidas polo vento suave.

Renacen outro ano máis no recordo dos nenos e nenas os enredos lembrados, as carreiriñas. as risas, as lerias, as troulas, os grolos de laranxada e as bromas en abundancia.

Quede pois, esparexido polo ar de Pontevedra, o acontecer desta lúdica maná de novembro, amencida de ilusións e fantasías de rapaces, onde agroma a maxia do Magosto, infinda de memoria diante dos nosos ollos .

Queridos amigos e amigas, dende a inmensidade deste ceo longamente outonal caendo sobre o vertical das nosas miradas acuguladas de agarimo, damos!!e a benvida ao Magosto.

Campolongo novembro 09 ENL

É TEMPO DE MAGOSTO EN CAMPOLONGO

É tempo de magosto en Campolongo, coa doce sinfonía de rito enfeitizado abrindo os soños e ilusións dos cativos, que se visten de ledicia adiviñando improvisadas emocións.

Volve o bulicio á escola por novembro e reverberan as mornas raiolas da nostalxia, anunciando unha entretida mañá conxugada de misterio nos beizos do amencer.

É a festa das castañas, cos momentos tinguidos de agarimo na cerimonia magosteira, coa fogueira ardendo, e co fume inundando o espazo creado de maxia e aventura.

Imos pois a magostar, a papar nas castañas asadas ata encher a andorga a barullo, a cantar cantigas, a tocar o acordeón, a frauta e outros instrumentos musicais.

Gocemos das venturas e alegrías desta celebración, participando neste divertido ritual coas chanzas, os tingues, os contos, os enredos, os xogos e os grolos de laranxada que mollan as gorxas da rapazada.

Démoslle a benvida a esta festa outonal, acompañados das risas e gargalladas, as lérias, as carreiriñas, as troulas e as bromas en abundancia.

Quede gardado no ar de Pontevedra, o acontecer desta lúdico día, poñendo na memoria feiticeira dos rapaces unha mirada longa, un adeus prolongado en ronsel de fantasías para o colar dos recordos.

Campolongo novembro 2010

EDL

HOXE ESTAMOS DE MAGOSTO

Hoxe acédense o lume do magosto nunha máxica mañá, amencida polo sorriso da rapazada que ferve de contento neste espazo de escola tinguido de outono.

Inaugúrase o ritual de cinza e chamas no feiticeiro ceo pontevedrés, cos ollos dos rapaces ensimesmados de sorpresa diante deste acontecemento de engado e ardentía.

Hoxe estamos moi contentos nesta festa fabulada, preparamos as cantigas con moito acompasamento, esas letriñas rimadas que lle guindamos ao vento.

Vinde rapaces festeiros, vinde probar lambetadas, vinde ao noso Magosto comer castañas asadas.

Vinde xogar e brincar, facer bromas e cantar, que as castañas xa rebentan na grella, estoupando no ar fronte a calada paisaxe.

Todo é ledicia e divertimento na cerimonia do entretemento, cos cativos convocados arredor do lume, cos berros, troulas, lerias, charlas, grolos de laranxada, enredos e gargalladas.

Recibamos ao Magosto con esta lúdica celebración chea de misterio e aventura, cun estalo de emocións a carón da fogueira e cos soños dos rapaces medrando en fantasías coma un mar de resplandores.

Benvido sexa o Magosto á escola de Camplongo co sabor dun outono fermoso, atesourado de recendo a castañas neste tempo de memoria, para aledarnos co recordo dun farturento pouso emotivo no volumétrico afán das lembranzas.

CELEBRAMOS O MAGOSTO

Celebramos o Magosto neste lúdico día de fantasía improvisada, que regresa mirándonos con ollos de novembro e follas sen apelido xogando a ser cometa en busca dalgún soño perdido.

Esta mañá invitámosvos a compartir mornas sensacións, mentres o aire xeme fumoso e as lapas esvaran pola arañeira oblicua da nostalxia, nunha celebración ataviada cun adival de horizonte azulalba.

Volve o Magosto a Campolongo co intenso arrecendo a castañas asadas, e coas formas dos xogos dos nenos debuxando una efémera paisaxe de ecos e tenras imaxes, xermolando unha fermosa melodía plástica nesta serodia outonía, sempre envolvente.

Renace o ricto de chamás e cinzas no cincento ceo pontevedrés, coa amencida de acompasadas cantigas e co entusiasmo dos cativos que ferven de contentos en acenos de inocencia.

Son as pobres castañas queimándose no lume da fogueira, cos berros, os recados, as carreiriñas, as troulas e os contos, acontecendo na codia das emocións. Hoxe a ledicia chouta a gargalladas e fai lugar de encontro neste inventado espazo de andanza e ardentía.

Rexorde outro ano máis, a lembranza e o recordo desta festa feiticeira proclamada nos beizos dos rapaces, que enchen de alegría e creatividade este espectáculo encantador; porque é outono outra vez nesta xeométrica simplicidade das estacións.

É o noso Magosto, que se despide cambiando un itinerario de adeuses por un proxecto de ata logo, e faise anunciar nun presaxio de aventura e sorriso, co alicerce que fraterna este fabulado evento aboando máxico, e nos anaina denso de fascinio. Teremos sempre o presente inscrito con estes momentos, permanecéndonos cómplices na memoria.

Campolongo Novembro 2012

EDL

VÉN O MAGOSTO

Vén o Magosto para a escola de Campolongo cos petos repletos de ledicia e papeis con cantigas que caen en agasallos, alegres como brasas, regalándonos lúdicas fantasías.

Chega co sabor húmido do outono, atesourando os nosos beizos co sopro inmenso dun sorriso, e debuxando por novembro unha mirada chea de aventura e misterio no talo das emocións.

Vén agromando na memoria dos nenos esa maxia prolongada de lume e cinsa ardendo na prodixiosa fogueira, onde se xuntan o engado e a paixón, inaugurando no feiticeiro ceo pontevedrés un ritual de divertimento e rapaces ensimesmados de sorpresa, diante deste improvisado acontecemento de chamás e ardentía.

Renacen urxentes as labaradas nos asubíos do vento co aberto rebulir da mañanciña, coas carreiriñas, as troulas, os enredos e as risas en abundancia.

Hoxe é a festa das castañas, das cantigas entoadas, coas copras guindadas ao ar, as chanzas, os contos, os xogos e as lerías da rapazada.

Hoxe vén o Magosto bulindo de contento, tocando o pulso das sensacións con sílabas de lume nunha melodía de alegrías multiplicada, e vaise coa sombra das lembranzas, deixando os seus ollos nos nosos ollos, para aledarnos co recordo desta festa.

Campolongo novembro de 2013 EDL